

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 29.06.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de xuño de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

- 1.1 1848 (10/PNC-000198)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis
Sobre a ampliación pola Xunta de Galicia de xeito progresivo ao conxunto do territorio galego do Programa Acude e Axuda, do Sergas, no caso de que a avaliación dos resultados do proxecto piloto acrediten a súa efectividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016
- 1.2 2108 (10/PNC-000220)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e 2 máis
Sobre a elección pola Consellería de Sanidade do modelo denominado "liña quente" para a nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e a súa dotación da maquinaria necesaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016
- 1.3 4842 (10/PNC-000469)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo en relación co abuso de medicamentos e o consumo de substancias sen control e ilegais no deporte amateur co fin de mellorar os resultados do rendemento dos deportistas afeccionados, así como os seus efectos na saúde e, namentres, as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.4 7698 (10/PNC-000801)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de iniciativas dirixidas ás entidades locais para a constitución e mellora do funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 1.5 9423 (10/PNC-000980)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de

atención ás persoas sen fogar e transeúntes e a garantía do seu dereito a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017

- 1.6 9440 (10/PNC-000983)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o incremento polo Goberno galego no ano 2017 do número de puntos de encontro familiar en Galicia, así como o reforzo da súa dotación de medios humanos e materiais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017
- 1.7 9508 (10/PNC-000993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, así como as circunstancias da doazón por unha empresa de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017
- 1.8 9856 (10/PNC-001024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a adaptación polo Goberno galego das prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/06/2017 10:33:30

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 1848(10/PNC-000198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre a ampliación pola Xunta de Galicia de xeito progresivo ao conxunto do territorio galego do Programa Acude e Axuda, do Sergas, no caso de que a avaliación dos resultados do proxecto piloto acrediten a súa efectividade

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativas dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno**, **Encarna Amigo Díaz**, **Marta Rodríguez Arias**, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez** e **Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O 061 atende cada ano en Galicia arredor de 780 incidentes por morte súbita ocorridos fóra do hospital. Nestes casos, a probabilidade de supervivencia en persoas que foron reanimadas con masaxe cardíaca se duplica fronte a aqueles aos que non se lles aplicaron técnicas de reanimación cardiopulmonar.

Recentemente, temos coñecido polos medios de comunicación da posta en marcha en Santiago de Compostela do proxecto piloto do Programa Acude e Axuda do Servizo Galego de Saúde, a través da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia- 061. Ata o de agora, a aparición dunha persoa con formación en reanimación cardiopulmonar no lugar do evento antes da chegada dos medios sanitarios era unicamente fortuíta.

Considerando que nunha parada cardiorrespiratoria a actuación precoz e con medios axeitados condiciona o pronóstico en canto á recuperación da vida e a minimización

das posibles secuelas, e que este programa ten unha gran potencialidade para reducir os tempos para o inicio das manobras de Reanimación Cardiopulmonar, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que, no caso de que a avaliación dos resultados do proxecto piloto acrediten a efectividade do Programa Acude e Axuda, proceda a extendela progresivamente ao conxunto do territorio da nosa Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 14:00:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2016 14:01:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/11/2016 14:01:07

Marta Rodríguez Arias na data 30/11/2016 14:01:13

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/11/2016 14:01:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/11/2016 14:01:48

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 2108(10/PNC-000220)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a elección pola Consellería de Sanidade do modelo denominado "liña quente" para a nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e a súa dotación da maquinaria necesaria

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Eva Solla Fernández, Ánxeles Cuña Bóveda e do seu deputado Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5.ª, relativa á cociña do CHUOU**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cociña do hospital de Ourense e o seu persoal padecen dende fai tempo carencias organizativas e materiais. Por unha banda, as dependencias están obsoletas, sendo o espazo insuficiente e estando as mesmas bastante deterioradas, sobre todo os chans, o que ten ocasionado diversos accidentes laborais

Ademais, dende fai tempo diversa maquinaria fica avariada, precisando unha renovación. Por outra banda existe unha temporalidade elevada dunha parte relevante do plantel.

A ampliación do CHUOU contempla unha nova cociña. Sen embargo existe un retardo na súa posta en funcionamento e a estas alturas aínda se descoñece o sistema a empregar na cociña e o cadro de persoal relacionado.

Na pasada Lexislatura, a Consellería foi reclamada para aclarar na Comisión de Sanidade se o sistema de traballo vai ser unha liña fría ou unha liña quente.



A tendencia última da Consellería está a ser decantarse por unha liña fría que, sendo válida dende o punto nutricional, resta calidade na presentación e nas características organolépticas. A maquinaria e o persoal necesario para cada modelo son diferentes, polo que resulta dunha chamativa falla de previsión e mala xestión que persista a incertidume neste tema.

Por todos estes feitos, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de Lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Adoptar un modelo de liña quente para a nova cociña do CHUOU, dotándoa coa maquinaria necesaria.**
- 2.- Indicar á Xerencia a necesidade de reunirse coa Xunta de Persoal do centro para definir o cadro de persoal.**

Compostela, 05 de Decembro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández Asdo.: Luís Villares Naveira

Asdo. Ánxeles Cuña Bóveda Voceiro do GP de En Marea.

Asdo. Davide Rodríguez Estévez

GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2016 16:47:13

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2016 16:47:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 17:00
Nº Rexistro: 2108
Data envío: 05/12/2016 17:00:08.628

David Rodríguez Estévez na data 05/12/2016 16:47:30

Luis Villares Naveira na data 05/12/2016 16:47:41

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 4842(10/PNC-000469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo en relación co abuso de medicamentos e o consumo de substancias sen control e ilegais no deporte amateur co fin de mellorar os resultados do rendemento dos deportistas afeccionados, así como os seus efectos na saúde e, namentres, as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Que a dopaxe non é soamente un problema do deporte profesional é algo coñecido. O que resulta alarmante é que o consumo de substancias coa finalidade de mellorar o rendemento deportivo prodúcese cada vez con maior asiduidade e intensidade no deporte amateur, tal e como ten concluído un recente estudio liderado pola Universidade de Granada (Zabala, Morente-Sánchez, Mateo-March e Sanabria, 2014), e como así tamén recoñeceu en 2015 a propia Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

A crecente moda da práctica de deportes extremos, e a proliferación de eventos populares que poñen ao límite ao corpo das e dos participantes, veñen incrementando o abuso de medicamentos, substancias sen control e ilegais co conseguente problema de saúde pública.

A motivación monetaria de certas competicións, e o afán de superación, conducen en moitos casos non soamente a que os deportistas afeccionados consuman produtos prohibidos, senón que recorran a substancias farmacolóxicas sen receita médica, mesturas de substancias dopantes con medicamentos ou outros produtos nutricionais, entre outras prácticas, con fin de mellorar os seus resultados e rendemento en tempo récord e poñendo con elo gravemente en risco a súa saúde.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4842
Data envío: 09/02/2017 16:12:33.658



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo de substancias daniñas no deporte afeccionado onde se analicen, entre outros aspectos, os niveis e tipos de consumo, o efecto destes sobre a saúde, as substancias empregadas e a súa procedencia, a actitude dos deportistas afeccionados cara a dopaxe e a percepción que teñen estes sobre os efectos que produce no seu rendemento e saúde.
2. Mentres non se obteñan resultados que permitan actuacións precisas, aumentar o control sobre o problema da dopaxe no deporte popular realizando campañas de promoción de boas prácticas en termos de nutrición e treinamento, e campañas de concienciación e prevención do consumo de substancias en eventos deportivos, ximnasios e outras instalacións deportivas, así como en oficinas de farmacia e tendas de nutrición.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2017 16:09:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4842
Data envío: 09/02/2017 16:12:33.658



 Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/02/2017 16:09:54

Noela Blanco Rodríguez na data 09/02/2017 16:10:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/02/2017 16:10:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 7698(10/PNC-000801)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de iniciativas dirixidas ás entidades locais para a constitución e mellora do funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados María Ángeles García Míguez, Paula Prado del Río, Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O 21 de novembro de 2015, a Secretaría Xeral da Igualdade presentaba e difundía aos concellos galegos a “Guía práctica para a constitución das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

O obxectivo xeral das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero é promover, no ámbito municipal, políticas e actuacións para a erradicación da violencia de xénero. Así, tratarán de mellorar a detección precoz dos casos, optimizar a coordinación dos axentes implicados e ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas. Ademais, buscan a mellora da protección nos casos que presenten alto risco e encárganse de informar e sensibilizar na materia tanto a profesionais como á sociedade.

O funcionamento destas Mesas xera beneficios a distintos niveis e en todos eles a coordinación e a colaboración son as premisas fundamentais para unha atención máis áxil, eficiente e eficaz ás mulleres que ven vulnerados os seus dereitos por mor da violencia de xénero. Os beneficios non son só para as mulleres, senón para as entidades implicadas e para a sociedade no seu conxunto.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir a desenvolver iniciativas dirixidas ás entidades locais para a constitución e mellora do funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucionais contra a violencia de xénero”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2.017.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 13:48
Nº Rexistro: 7698
Data envío: 06/04/2017 13:48:44.986**

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/04/2017 13:41:57

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/04/2017 13:42:17

Paula Prado Del Río na data 06/04/2017 13:42:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/04/2017 13:42:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2017 13:43:08

Marta Rodríguez Arias na data 06/04/2017 13:43:30

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/04/2017 13:43:48

María Soraya Salorio Porral na data 06/04/2017 13:44:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/04/2017 13:44:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 9423(10/PNC-000980)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas sen fogar e transeúntes e a garantía do seu dereito a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**, relativa a políticas de vivenda digna para as persoas sen fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos sinala que toda persoa ten dereito a unha vivenda (artigo 25), disposición adoptada pola Carta Social Europea (artigo 16, que considera a política de vivenda como fundamental para acadar condicións de vida dignas para as familias) ou a Constitución Española, que no seu artigo 47 sanciona o dereito a unha vivenda “digna e adecuada”.

As persoas sen fogar, persoas que non dispoñen dun aloxamento adecuado que lles permita desenvolver unha vida estable, aumentaron como consecuencia da crise económica global e das políticas de recorte de gasto público aplicadas polos gobernos.

En Galiza, pese a ter, no contexto do Estado español, unha das maiores taxas de persoas sen fogar en relación á poboación total (133/100.000 habitantes, o que supón un 8,2% das persoas sen fogar de todo o Estado) nunca se reflexionou nin deseñou ningunha estratexia ou plan de atención a este colectivo; unicamente existe un informe do Valedor do pobo do ano 2010 (*As persoas sen fogar en*



Galicia), que documenta brevemente a situación das persoas que viven nas rúas das cidades e vilas e os recursos e programas que se ofrecen nos diferentes concellos, case todos xestionados por entidades sociais de carácter relixioso.

Dito estudo identificaba o perfil medio das persoas sen fogar en Galiza como maioritariamente masculino (80%), cunha idade media de 45 anos, solteiro (40%) e con fillos (30%), similar ao perfil para o conxunto do Estado, salvo na porcentaxe de persoas estranxeiras, que en Galiza non excede do 35%.

Os últimos datos da Enquisa de Condicións de Vida das Familias confirman que da “recuperación económica” queda ao marxe boa parte da poboación: o 25,4% da poboación galega atopábase en risco de pobreza en 2016.

En decembro de 2015, o goberno en funcións do Estado, para dar cumprimento a Resolucións do Parlamento Europeo sobre persoas sen fogar e vivenda (16/12/2010; 6/9/2011; 11/6/2013), aprobou a *Estrategia Nacional Integral para personas sin hogar 2015-2020*, medida sen memoria económica pero que recolle achegas e experiencias de importantes profesionais que poden orientar as primeiras medidas neste ámbito.

As políticas públicas da Xunta de Galicia – organismo no que recaen as competencias sobre exclusión social, nomeadamente sobre as persoas sen fogar e transeúntes, por seren persoas que non se radican nun único municipio - deben ir encamiñadas a eliminar as causas da exclusión social e a promover políticas activas de inclusión para as persoas sen fogar, centradas na persoa e rexeitando medidas paternalistas, así como a aplicar medidas de urxencia para garantir o dereito á vivenda.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Deseñar e redactar unha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, que garanta a coordinación e corresponsabilidade entre a administración autonómica e as administración locais e coas entidades sociais que traballan neste ámbito.
2. Realizar un estudo actualizado sobre as persoas sen fogar en Galiza para sustentar dita estratexia.
3. Dotar dun parque de vivendas de titularidade autonómica destinado a garantir o dereito á vivenda digna ás persoas sen fogar, seguindo o modelo Housing First.
4. Elaborar un plan integral de atención á saúde física e psicosocial das persoas sen fogar e transeúntes, no marco dun necesario Plan Estratéxico de Saúde Mental.
5. Deseñar e dotar de Centros de Atención Integral 24h a persoas sen fogar e transeúntes nas sete cidades galegas, de xeito corresponsable coa administración local e procurando a colaboración con entidades sociais que traballan neste ámbito.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 17:56
Nº Registro: 9423
Data envío: 22/05/2017 17:56:20.933

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 22/05/2017 17:55:11

Luis Villares Naveira na data 22/05/2017 17:55:18

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 9440(10/PNC-000983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego no ano 2017 do número de puntos de encontro familiar en Galicia, así como o reforzo da súa dotación de medios humanos e materiais

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante o ano 2017 os puntos de encontro familiar en Galicia en aló menos dous por provincia.
2. Reforzar con medios humanos e materiais, durante o ano 2017, todos os puntos de encontro familiar situados na Comunidade Autónoma galega, para que os nenos e nenas gocen durante as visitas tuteladas e supervisadas dunha contorna adecuada para relacionarse, con zonas ao aire libre e espazos de xogo.

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2017 10:43
Nº Rexistro: 9440
Data envío: 23/05/2017 10:43:48.787



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/05/2017 10:40:58

Julio Torrado Quintela na data 23/05/2017 10:41:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/05/2017 10:41:11

María Luisa Pierres López na data 23/05/2017 10:41:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/05/2017 10:41:23

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 9508(10/PNC-000993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, así como as circunstancias da doazón por unha empresa de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do centro

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás listas de espera e a adquisición dun TC e unha RM no servizo de radiodiagnóstico do CHUS.

Os servizos de radiodiagnóstico son considerados servizos centrais, e como tales, realizan as probas diagnósticas, as exploracións, a doentes procedentes do conxunto dos servizos dos centros hospitalarios, desde unidades de hospitalización a consultas externas ou urxencias. Como servizos centrais son os garantes do uso racional e equitativo dos equipos de alta tecnoloxía e dos recursos.

As listas de espera nos servizos de radiodiagnóstico están converténdose en estruturais, son constantes as queixas de doentes e profesionais sobre as tremendas demoras e as consecuencias na saúde das persoas. Un deses centros con moita demora é o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Neste contexto o Bloque Nacionalista Galego foi informado de que a Sociedade Española de Radioloxía Médica, SERAM, ven de ter coñecemento da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

convocatoria pola empresa MEDTRONIC dun proceso para a adquisición dun TC e unha RM para a área cardiovascular do CHUS.

Segundo a información de que dispoñen, estes equipos de TC e RM van destinarse para o uso exclusivo do servizo de cardioloxía. Este feito significaría a fragmentación na igualdade d@s doentes no acceso ao TC e RM, a priorización segundo a procedencia e non a patoloxía, rompería a equidade. Estableceríase patoloxías de primeira e de segunda.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Garantir a integridade, eficiencia dos servizos centrais de radiodiagnóstico no CHUS, así como a igualdade e a equidade no acceso d@s doentes no acceso as exploracións.

-Clarificar, e presentar un informe no Parlamento Galego sobre cales son as circunstancias, as condicións, as causas, as contraprestacións nas que unha empresa provedora habitual do Sergas realice a doazón de equipamento de TC e RM á sanidade pública.

-Facer públicas as lista de espera e as derivacións so servizo de radiodiagnóstico do CHUS.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

-Realizar todas as actuacións precisas para diminuír as amplísimas listas de espera no servizo de radiodiagnóstico do CHUS.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 18:08:33

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 18:08:37

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 18:08:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9508
Data envío: 24/05/2017 18:09:20.782

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 18:08:45

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 18:08:48

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 18:08:51

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.8 9856(10/PNC-001024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a adaptación polo Goberno galego das prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 13:14
Nº Rexistro: 9856
Data envío: 01/06/2017 13:14:28.695

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de adaptación das prazas de formación MIR e EIR as necesidades reais de profesionais no Sergas.

Con data 18 de maio de 2012 publicouse do DOG a orde pola que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, dado que a vixencia do mesmo era ata o 31 de decembro de 2013, publicouse o 5 de decembro a orde pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos relativo á xubilación, prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Este Plan, concibido como un instrumento de planificación, conclúe que hai un importante envellecemento do persoal: *“no dito instrumento de planificación, logo de analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previos da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada.”*

“Derivado da normativa e do diagnóstico de situación efectuado no propio instrumento de planificación, o precedente Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde dispuxo, como medida xeral de ordenación, a perda da condición de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 13:14
Nº Rexistro: 9856

Data envío: 01/06/2017 13:14:28.695

persoal estatutario fixo dos seus profesionais por cumprimento da idade de xubilación forzosa.”

É unha evidencia, que se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que en pouco tempo o Sergas non disporá de persoal para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, nin ausencias, baixas...

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais.”

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 13:14
Nº Rexistro: 9856

Data envío: 01/06/2017 13:14:28.695

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/06/2017 13:01:54

Noa Presas Bergantiños na data 01/06/2017 13:02:02

Olalla Rodil Fernández na data 01/06/2017 13:02:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/06/2017 13:02:10

Xosé Luis Bará Torres na data 01/06/2017 13:02:14

Ana Pontón Mondelo na data 01/06/2017 13:02:17